



DOCUMENTACIÓN
2º TRIMESTRE
SAN LORENZO



ESTE DOCUMENTO PERMITE FACER UN BREVE REPASO DAS ACTIVIDADES QUE REALIZAMOS DURANTE ESTE TRIMESTRE.

O SEGUNDO TRIMESTRE EMPEZA COA CHEGADA Á AULA DESPOIS DO PERÍODO DO NADAL, ISTO FAI QUE A INCORPORACIÓN ESTEA MARCADA POLA ILUSIÓN, A ALEGRÍA, O ENTUSIASMO POLO REENCANTO CON COMPAÑEIRAS E COMPAÑEIRAS. É NESTE MOMENTO ONDE OBSERVAMOS OS CAMBIOS A NIVEL FÍSICO DOS QUE NON SOMOS CONSCIENTES CANDO ESTAMOS EN CONTACTO DIARIO, PERO TAMÉN SE APRECIAN NOVAS HABILIDADES, ADEMAIS DUNHA CRECENTE AUTONOMÍA, SOBRE TODO NOS MÁIS PEQUENOS DA AULA.

O TRIMESTRE TRASNSCORREU CON NORMALIDADE, CON EXPERIENCIAS NOVAS, CAMBIOS DE MATERIAIS, XOGOS, CANCIÓNS, CONTOS E UN SÍNFIN DE ACTIVIDADES, ONDE O MÁIS IMPORTANTE E O DESFRUTE DOS CATIVOS APRENDENDO A TRAVÉS DO XOGO.

COA CHEGADA DE NATURIZO NO TRIMESTRE ANTERIOR, ESTAMOS ADENTRÁNDONOS NO MUNDO ANIMAL E VEXETAL MÁIS CERCANO. FIXEMOS ALGUNHA QUE OUTRA SAÍDA E CO BO TEMPO IREMOS SAÍNDO MOITO MÁIS. PUXEMOS A PUNTO A NOSA HORTA PARTICIPANDO NO PROXECTO DE VOZ NATURA.

TAMÉN, ADQUIRIMOS DIFERENTES HABILIDADES E COÑECEMENTOS COAS DIFERENTES PROPOSTAS DE PRIMEIRA HORA RELACIONADAS CO INVERNO, COS ANIMAIS DO BOSQUE E COS DIFERENTES ÁMBITOS DE APRENDIZAXE.

ADEMAIS, SEGUIMOS CON DIFERENTES CELEBRACIÓNS ESPECIAIS COMO O DÍA DA PAZ, O ENTROIDO, DÍA DE ROSALÍA, O DÍA DA MULLER, DÍA DA ÁRBORE...

CHEGARON OS REIS

O PRIMEIRO DÍA DE VOLTA DAS VACACIÓNS FOI UNHA FESTA!! TIÑAMOS UNHA MOREA DE AGASALLOS POR ABRIR: XOGO DE CARTAS DOS ANIMAIS, DADOS PARA CONTAR E INVENTAR HISTORIAS, PUZZLE DE SECUENCIAS E UN XOGO DE DADOS DE LÓXICA PARA A BÚSQUEDA DOS ANIMAIS CORRESPONDENTES.



ESPAZOS DE APRENDIZAXE

NOS DIFERENTES ESPAZOS DE APRENDIZAXE, QUE IMOS ATOPANDO CANDO CHEGAMOS A PRIMEIRA HORA DA MAÑÁ, ÉSTAS ESTÁN RELACIONADAS COS DIFERENTES ÁMBITOS A TRABALLAR COMO SON : LINGUAXES, LÓXICA- MATEMÁTICA, CREACIÓN E SENSORIAL.

NA ZONA SENSORIAL, PRETENDEMOS QUE OS CATIVOS ADQUIRAN UNHA SERIE DE APRENDIZAXES MEDIANTE A EXPERIMENTACIÓN E O DESCUBRIMENTO E QUE POIDAN DESENVOLVER TAMÉN AS SÚAS HABILIDADES SOCIAIS E COGNITIVAS.

POR ISO, CREAMOS TALLERES E DIFERENTES PROPOSTAS ONDE SE TRABALLAN AS SENSACIÓNS A TRAVÉS DE EXPERIENCIAS, DOTANDO AOS PEQUENOS DE LIBERTADE PARA EXPLORAR, DESCUBRIR E DESFRUTAR DOS SEUS SENTIDOS.

ASÍ EMPREGAREMOS, AS MESA DE TRAVASES, TRAVASES DE DIFERENTES LÍQUIDOS, A MESA DE LUZ, A TORRE ROSA E A ESCALEIRA MARRÓN, INSTALACIÓNS E TALLERES DE PAPEL, DE XEO, DO SONS DOS ANIMAIS...

TORRE ROSA: A SIMPLE VISTA PARECE UNHA TORRE NORMAL E CORRENTE, PERO É MOITO MÁIS QUE ISO...A TORRE ROSA É UN DOS MATERIAIS MÁIS COÑECIDOS DA PEDAGOGA MARÍA MONTESSORI.

GRAZAS A ESTA TORRE TRABALLARASE O DESENVOLVEMENTO VISUAL, TAMAÑOS, LONXITUDE, A CONCENTRACIÓN, A ORDEN E PREPARA OS CATIVOS PARA AS MATEMÁTICAS.

UN DOS OBXETIVOS PRINCIPAIS É A INTERIORIZACIÓN DA MEDIDA.



OUTRO COMPLEMENTO MOI INTERESANTE PARA COMBINAR COA TORRE ROSA É A **ESCALEIRA MARRÓN** DE MONTESSORI. ESTA ESCALEIRA É UNHA SERIE DE PRISMAS QUE DEMOSTRAN O CAMBIO DE ALTURA MENTRAS QUE A LONXITUDE SEMPRE É CONSTANTE. POR ISO, ESTE MATERIAL SERVE PARA TRABALLAR O CONCEPTO DE GROSOR, XA QUE OS CATIVOS CENTRANSE NESTA CARACTERÍSTICA UNICAMENTE.



UNHA VEZ, QUE EXPERIMENTEN COA TORRE ROSA E A ESCALEIRA MARRÓN, PÓDESE COMPLEMENTAR CO USO DE TARXETAS INTRODUCINDO OS DOUS MATERIAIS.

FACENDO COMPARACIÓNS DE MAGNITUDES, DESENVOLVEMENTO ÓCULO-MANUAL, INTEGRACIÓN E USO DOS CONCEPTOS DE AMBOS MATERIAIS.

NA **MESA DE TRASVASES**, TRABALLAMOS ASPECTOS COMO A COORDINACIÓN ÓCULO-MANUAL, A ATENCIÓN, CONCEPTOS COMO CHEO-BALEIRO, DENTRO E FORA. PODE FACERSE EN SECO OU CON LÍQUIDOS (TRASVASES HÚMIDOS), ASÍ COMO CON O SIN FERRAMENTAS.





A MESA DE LUZ, TAMÉN É UN MATERIAL SENSORIAL VISUAL MARABILLOSO, FACENDO ACTIVIDADES DE EXPERIMENTACIÓN, ARTÍSTICAS, MANIPULATIVAS...



ALGÚNS DOS TALLERES MÁIS SALIENTABLES FORON: A PINTAR CON PINTURA CONXELADA, A CREACIÓN DUN NATURIZO CON SEMENTES, TERRA E UN CALCETÍN, XOGO DOS SONS DOS ANIMAIS DO BOSQUE, INSTALACIÓN CON PAPEL HIXIÉNICO....





NA ZONA DE LINGUAXES, PRETENDEMOS UN ACERCAMENTO Á LECTOESCRITURA RESPECTANDO O RITMO E MADUREZ DE CADA CATIVO. TRABALLANDO ASPECTOS PRIMORDIAIS COMO É A PSICOMOTRICIDADE FINA, A DIRECCIONALIDADE, A LATERALIDADE, A CONCIENCIA FONOLÓXICA, RECOÑECIMENTO DE DIFERENTES LETRAS... ASÍ NESTE ESPAZO, CONTAMOS CON LETRAS MÓBILES, SELLOS, LETRAS DE LIXA E RESAQUES MONTESSORI, EMPREGO DA RULETA.....



AS LETRAS DE LIXA, SON UNHAS TARXETAS INDIVIDUAIS QUE CONTEÑEN AS LETRAS DO ALFABETO EN PAPEL DE LIXA DE RELIEVE, O CATIVO SENTE A FORMA DA LETRA TOCANDO CO DEDO Á VEZ QUE AS VISUALIZA E DÍ O SON DA LETRA. TAMÉM FACEMOS A SÚA GRAFÍA SOBRE A AREA DE COR





OS RESAQUES METÁLICOS, SON UNHAS PLANTILLAS METÁLICAS ONDE OS CATIVOS INÍCIANSE NA LECTOESCRITURA, TRABALLANDO O USO DA PINZA COS DEDOS, A PRENSIÓN, A POSICIÓN CORRECTA DO LÁPIZ, INICIO NO TRAZADO DE LÍNEAS E CURVAS



NA ZONA DE ARTE, AS PROPOSTAS E TALLERES PLANTEXADOS CENTRÁRONSE NO SENTIR DA ARTE. NA OPORTUNIDADE DE PODER EXPRESAR, COMUNICAR E EXPERIMENTAR, MÁIS IMPORTANTE CA NUNCA NESTA ÉPOCA QUE ESTAMOS VIVINDO. PINTAMOS Ó RITMO DA MÚSICA DE "NATURIZO CHEGOU", COMPOSICIÓN DA ÁRBORE DO INVERNO, REPRESENTAR A NATURIZO COA TÉCNICA DO GARFO, PINTAR SOPLANDO CON PALLIÑA, CREAM FOLERPAS MÁXICAS, PINTAR LIBREMENTE NO CABALLETE, CON ACUARELAS...





SOMOS UNS VERDADEIROS ARTISTAS!! COA TÉCNICA DO GARFO, QUEDARON UNS NATURIZOS MOI DIFERENTES




NA ZONA DE LÓXICA- MATEMÁTICA, AS ACTIVIDADES ESTIVERON ENFOCADAS A TRABALLAR DIFERENTES CONCEPTOS COMO SON OS TAMAÑOS, IDENTIFICACIÓN, SERIACIÓN, ORDENACIÓN E NUMERACIÓN. ADEMAIS, FIXEMOS SUDOKUS, TÁBOAS DE DOBRE ENTRADA, USO DOS CONTADORES E DAS PERLAS MONTESSORI, SEGUIMENTO DE PATRÓN...

ESTAS ACTIVIDADES ESTÁN ORGANIZADAS TENDO EN CONTA 3 NIVEIS DE APRENDIZAXE PARA RESPECTAR OS RITMOS E O DESENVOLVEMENTO MADURATIVO DE CADA NENO E NENA.

ESTAS SON ALGUNHAS DE MOITAS PROPOSTAS QUE SE ORGANIZARON E DEBEMOS DE TER EN CONTA QUE AS MATEMÁTICAS XORDEN EN CALQUER LUGAR E MOMENTO, E QUE O IMPORTANTE É SABER OBSERVAR E PODER ACOMPAÑAR O PROCESO DE ADOPTACIÓN DO MATERIAL, ASÍ COMO DA LÓXICA



AS PERLAS MONTESSORI, CON ESTE MATERIAL INTRODUCIREMOS OS CATIVOS NO MUNDO DA NUMERACIÓN DE MANEIRA MANIPULATIVA, RELACIONANDO O SÍMBOLO COA CANTIDADE DE PERLAS DE CORES, FAREMOS A PIRÁMIDE NA BASE DO 1 AO 9, COA CASIÑA DO 10-19 FORMAREMOS OS NÚMEROS CO USO DAS PERLAS, FACEMOS A REPRESENTACIÓN GRÁFICA...




A TRAVÉS DOS TALLERES PRETÉNDESE CONSOLIDAR OS CONTIDOS A TRABALLAR DURANTE O TRIMESTRE, ASÍ COMO TAMÉN A ESCOITA ACTIVA, PERTENZA AO GRUPO, RESPETO DE TURNO E A PARTICIPACIÓN ACTIVA. NESTE PROCESO É MOI IMPORTANTE PODER VIVENCIAR, MANIPULAR E REPRESENTAR GRÁFICAMENTE TODO OS CONTIDOS QUE SE VAN TRABALLANDO PARA QUE OS INTERIORICEN DENDE A SÚA PROPIA EXPERIENCIA.



TAMÉN, TEREMOS PRESENTE TALLERES DE XOGOS LÓXICOS





ENTROIDO

ESTE CURSO TIVEMOS UN ENTROIDO MOI DIFERENTE Ó DOS OUTROS ANOS. NON PUIDEMOS INVITAR ÁS FAMILIAS ÓS OBRADOIROS, NIN SAIR A DESFILAR, PERO ISO NON IMPEDIU QUE O PASÁSEMOS MOI BEN.

DÉMOSLLE A BENVIDA Ó ENTROIDO CUNHA **INSTALACIÓN**, ONDE ACTIVAMOS OS SENTIDOS E PUXEMOS EN XOGO AS NOSAS EMOCIÓNS. GOZAMOS ENTRE MÁSCARAS, GORROS, GAFAS, E CONFETI .



CONTINUANDO CO NOSO PROXECTO DOS **ANIMAIS DO BOSQUE**, MONTAMOS VARIOS OBRADOIROS DE DISFRACES. UN DÍA MARCHAMOS PARA CASA COMO OURIZOS, COELLOS E OUTRO SENDO LOBOS.

NO OBRADOIRO DE DISFRACES DE OURIZOS, FIXEMOS A CARETA DE OURIZO E O NOSO COLLAR- POMPÓM DUN OURIZO , ONDE TRABALLAMOS A **MOTRICIDADE FINA**, UNS QUEDARON MÁIS GORDIÑOS E OUTROS UN POUCO MENOS.. COMO NON PODÍAN FALTAR.

TAMÉN DECORAMOS AS ORELLAS DE COELLO E FIXEMOS UNHA DIADEMA QUE LUCIMOS BEN ORGULLOSOS E ORGULLOSAS.



A QUEN NON LLE GUSTARÍA SER POR UNA VEZ O LOBO FEROS? A NÓS SI, POR SUPOSTO! PINTAMOS AS UÑAS DE NEGRO, A MODO DE GARRAS E FIXEMOS UNHA CARETA DE LOBO.



CHEGOU O GRAN DÍA, O DÍA DE VIRMOS DISFRAZADOS DA CASA, CADA UN ELIXIU O DISFRACE QUE MÁIS LLE GUSTABA E VEU Ó COLE TRANSFORMADO E TRANSFORMADA EN SUPERHEROE, SUPERHEROINA, DUN ANIMAL, DE VIKINGO, FADA,... BAILAMOS E ATA AS E OS PROFES SE DISFRAZADON.



DÍAS ESPECIAIS

NESTE TRIMESTRE, OS DÍAS ESPECIAIS QUE ESTUVEMOS TRABALLANDO FORON O DÍA DA PAZ, DÍA DE ROSALÍA DE CASTRO E O DÍA DA MULLER.

CELEBRAMOS O **DÍA DA PAZ** EXPERIMENTANDO COA LINGUAXE PLÁSTICA A TRAVÉS DUNHA OBRA DE ROMERO BRITTO, O CAL REPRESENTABA UN CORAZÓN CON ÁS DE INFINITAS CORES. PARA ISO REALIZAMOS UN TALLER DE GRAFISMO ONDE FUMOS DECORANDO SEGUNDO O QUE NOS INDICABA OS DADOS DE CORES E DE TRAZADOS.



OUTRA CELEBRACIÓN QUE LEVAMOS A CABO É A CELEBRACIÓN DO DÍA DE ROSALÍA DE CASTRO (24 DE FEBREIRO), DESCUBRINDO O SEU POEMA "MOUCHO" QUE COINCIDE CUN DOS ANIMAIS QUE ESTAMOS INVESTIGANDO NO NOSO PDI. POR ISO, ADEMAIS DE ESCOITAR A VERSIÓN DO GRUPO MIGALLAS, VIVENCIANDO A TRAVÉS DO MOVEMENTO CO NOSO CORPO, CREAMOS O NOSO PROPIO MOUCHO, UTILIZANDO MATERIAIS RECICLADOS.

E DECORAMOS UN RETRATRO DESTA ESCRITORA GALEGA TAN IMPORTANTE NA NOSA CULTURA





TAMÉN CELEBRAMOS O DÍA 8 DE MARZO O DÍA DA MULLER, E NESTE CASO DEDICÁMOSLLO AS MULLERES DA NOSA VIDA, QUE NOS PROVOCAN GRANDES SORRISOS, QUE NOS ENSEINAN VALORES E QUE NOS QUEREN TODOS OS DÍAS. FOI UN DÍA ESPECIAL, XA QUE O CHEGAR AO COLE, ESTABAN COLOCADOS OS CARTEIS COS SORRISOS DE TODOS, PARA DEMOSTRARLLES O IMPORTANTES QUE SON.

ADEMÁIS, TAMÉN COÑECEMOS A VIDA DUNHA PRIMATÓLOGA COMO É JANE GOODALL, ENCANTOUNOS VER A SÚA DEDICACIÓN COS CHIMPACÉS E O SUPER ABRAZO CUN DELES.



A NOSA PEQUENA HORTA

NESTE TRIMESTRE, CONTINUAMOS COS ACTIVIDADES RELACIONADAS CO PROGRAMA VOZ NATURA ,DESENVOLVENDO A CONCIENCIA AMBIENTAL DOS NOSOS ALUMNOS E BUSCANDO QUE A PRESENZA DOS ELEMENTOS NATURAIS SEXA CADA VEZ MAIOR.

CONTINUAMOS CO REXISTRO MENSUAL SOBRE O ESTADO DA HORTA E CO SEU MANTEMENTO, RETIRADA DE MALAS HERBAS, REGO E COIDADADO.



PLANTACIÓN DE BULBOS DE PRIMAVERA EN MACETAS, NESTA OCASIÓN PLANTAMOS GLADIOLOS. APROVEITAMOS PARA TRABALLAR O NOME DOS BULBOS QUE PLANTAMOS, BUSCAMOS INFORMACIÓN SOBRE OS SEUS COIDADOS E PROCESO DE PLANTACIÓN E RECOLLEMOS NO NOSO CADERNO DE PLANTACIÓN. TAMÉN PLANTAMOS LEITUGAS, CENOIRAS, AMORODOS E FRESÓNS



21 DE MARZO: DÍA DA ÁRBORE, FIXEMOS UNHA SAÍDA POLA CONTORNA PARA OBSERVAR ÁS ÁRBORES E A SÚAS CARACTERÍSTICAS, SE HAI FOLLAS E FLORES XA, FALANDO DO CONTRASTE COA SAÍDA QUE FIXEMOS NO OUTONO



DÍA DA AUGA. 22 DE MARZO, CON MOTIVO DA CELEBRACIÓN DESTE DÍA REALIZAMOS UN EXPERIMENTO RELACIONADO COA AUGA, ESTE EXPERIMENTO ESTÁ RELACIONADO DE COMO SE FORMA O FENÓMENO DA CHUVIA NAS NUBES.

UNHA VEZ QUE FIXEMOS AS NOSAS HIPÓTESES E POÑERNOS MAN Á OBRA CO EXPERMENRO, VISIONAMOS UN PEQUENO VÍDEO ONDE SE NOS EXPLICABA O CICLO DA VIDA E COMO SE FORMA A CHUVIA.




PROXECTO DOCUMENTAL INTEGRADO

"OS ANIMAIS DO BOSQUE"

ESTE ANO DENDE O CRA DECIDIMOS LEVAR A CABO UN PROXECTO ANUAL SOBRE "OS ANIMAIS DO BOSQUE", O CAL TEN COMO PUNTO INICIO E COLABORAICIÓN A BIBLIOTECA DO CRA. COMEZAMOS A AVENTURA NO FINAL DO PRIMEIRO TRIMESTRE E NESTE SEGUNDO COMEZAMOS A TRABALLAR OS ANIMAIS DA NOSA CONTORNA FOMENTANDO ASÍ TAMÉN A EDUCACIÓN EN VALORES, PROMOVEDO O RESPETO POLO MEDIO. NON NOS PODEMOS OLVIDAR TAMPOUCO DO GRAN INTERESE DOS NOSOS PEQUENOS E PEQUENAS SOBRE DITA TEMÁTICA E AS EMOCIÓN QUE NOS TRASMITEN A HORA DE TRABALLAR.

HAI QUE DICIR QUE NA AULA DE SAN LOURENZO, A COLECCIÓN DESTE OURIZO FOI TODO UN ÉXITO!! E MOITOS NATURIZOS VIVEN NAS DIFERENTES CASAS DOS NOSOS CATIVOS. AH!! E SEN OLVIDARNOS DA SÚA AMIGA AMELIA, XA EMPEZA A ESTAR PRESENTE NAS CASAS PARA NON DEIXAR SÓ A NATURIZO.





O PROXECTO NACE A RAÍZ DUN VÍDEO NO QUE RABUÑOSO CONTANOS QUE ALGO LLE PINCHOU NO CÚ.. E NON SABE O QUÉ. PRECISA DA NOSA AXUDA PARA ATOPAR QUE SERÍA AQUILO QUE TIÑA PINCHOS... QUE SERÁ? O NOSO AMIGO "NATURIZO".

A PARTIR DESTE PUNTO, COMEZAMOS A LEER DIFERENTES CONTOS DE NATURIZO, E A INTERESARNOS POR DIFERENTES ASPECTOS. PERO... NON NOS PODEMOS OLVIDAR DA IMPORTANCIA E COLABORAICIÓN DAS NOSAS **FAMILIAS**, XA QUE SIN ELAS ESTE PROXECTO NON TERÍA SENTIDO.

GRAZAS AO TRABALLO DAS FAMILIAS E A SÚA COLABORAICIÓN CADA NENO TROUXO A AULA UNA PEQUENA EXPLICACIÓN DO ANIMAL DO BOSQUE ELEXIDO POR ELES. OS NENOS E NENAS EXPLICARÓNLLE AOS DEMÁIS COMPAÑEIROIS CON MOITA EMOCIÓN O SEU ANIMALIÑO.





CADA SEMANA DESPOIS DA PRESENTACIÓN DOS ANIMALIÑOS COMEZAMOS A TRABALLAR CADA UN DELES, NESTE 2º TRIMESTRE TRABALLAMOS O OURIZO, O MOUCHO E O COELLO.



ANTES DE DAR AS VACACIÓNS DE SEMANA SANTA, E APROVEITANDO A RELACIÓN DO NOSO PROXECTO CO COELLIÑO DE PASCUA. DECIDIMOS TRABALLAR ESTE ANIMALIÑO E AS SÚAS DIFERENZAS CUN ANIMAL TAN SIMILAR E DISTINTO COMO É A LEBRE.

DESCUBRIMOS QUE OS COELLOS FAN A SÚA MADRIGUEIRA BAIXO TERRA E AS LEBRES FAN MONTÍCULOS, OS DENTES DOS COELLOS NUNCA DEIXAN DE MEDRAR, NAS PATAS DIANTEIRAS TEÑEN 5 DEDAS E NAS DE ABAIXO 4 DEDAS....

LIMOS CONTOS RELACIONADOS CON ESTE ANIMAL, "O COELLIÑO BRANCO" "LOLO, UN COELLO DIFERENTE" "ADIVINA CANTO TE QUERO", "O COELLO"




TAMÉN, TIVEMOS UNHA GRAN SORPRESA NO COLE, GRAZAS A BEGOÑA, TROUXO AO COLE UN COELLIÑO QUE O BAUTIZAMOS CO NOME DE PELIÑOS, QUERÍAMOS QUE QUEDARA AQUÍ PERO SABEMOS QUE TIÑA QUE VOLVER A SÚA CASA COA SÚA FAMILIA.

PARA O ÚLTIMO DÍA, CREAMOS A NOSA CESTIÑA DE PASCUA CON FORMA DE COELLO, XA QUE A EMPREGAMOS PARA FACER A BUSQUEDA DOS OVOS DA PASCUA,



NESTE TRIMESTRE A MOCHILA VIAXEIRA SEGUIU PASANDO POLAS DIFERENTES CASAS COMO AS DE OMAR, CARLA, MARTINA E TOMÁS, NICO E ERO



XA QUE NESTE ANO TAN EXTRAÑO, OS CATIVOS DE 5 ANOS NON PODÉN ACUDIR AS XUNTANZAS DE PARADELA, DECIDIMOS LEVAR A CABO UNHA ACTIVIDADE DENDE O EQUIPO DE TIC`S XUNTO CO RESTO DAS ESCOLAS.

DESTA MANEIRA, AO LONGO DAS SEMANAS CADA AULA CONTACTARÁ COAS OUTRAS AULAS POR VIDEOCHAMADAS, ONDE O ALUMNADO COÑECERÁ OS COMPAÑEIRAS E COMPAÑEIRAS QUE SERÁN OS SEUS COMPAÑEIRAS PARA O ANO QUE VÉN NO CPI. ASÍ. NOS PRESENTAMOS, FALAMOS DO NOSO PROXECTO EN COMÚN, EXPRESAMOS AS NOSAS IDEAS, OPINIÓNS...



CHEGA UN DOS DÍAS MÁIS ESPECIAIS PARA OS NOSOS PEQUES, O DÍA DO SEU ANIVERSARIO. O PASADO CURSO COMEZAMOS A CELEBRALO Ó ESTILO MONTESSORI, É DICIR, A **CELEBRACIÓN DA VIDA**.

NESTRE TRIMESTRE CELEBRAMOS OS CUMPLES DE MARTINA E OMAR.



MÓVETE MÁIS E O NOSO PATIO

COMO NO ANTERIOR TRIMESTRE, SEGUIMOS REALIZANDO DIFERENTES ACTIVIDADES PSICOMOTRICES, PROMOCIONANDO A NECESIDADE DE MOVEMENTO E ACCIÓN QUE PRECISAN OS NOSOS PEQUENOS E PEQUENAS.

ASÍ, EMPREGAMOS PELOTAS DE IOGA, FIXEMOS IOGA APRENDEDO NOVAS POSTURAS COMA A DA ESTRELA DE MAR, A COBRA, O CANGREXO...





OUTROS DOS MOMENTOS QUE MÁIS NOS GUSTAN DA NOSA XORNADA, E O NOSO TEMPO DE LECER NO PATIO.

POR ISO CANDO DECIMOS QUE O COLE HAI QUE VIR CON ROUPA ADECUADA, PARA ESTAR CÓMODOS E CON ROUPA QUE SE POIDA ESTRAGAR E PORQUE NOS IMOS MANCHAR PERO MOITO, MOITO!!!

ALGO QUE NOS SORPRENDEU A VOLTA DAS VACACIÓNS, FOI COMA A AUGA DAS RODAS, DO FREGADEIRO CO FRÍO CONXELOUSE !!! E COMO NON APROVEITAMOS PARA XOGAR CO XEO.



TAMÉN GRAZAS A IMPLICACIÓN DAS FAMILIAS, CONTAMOS CON MÁIS TRONQUIÑOS PARA XOGAR NO PATIO, XOGAMOS COAS NOVAS PLATAFORMAS QUE TEMOS EN TÓDALAS ESCOLAS, LIMPIAMOS OS UTENSILIOS QUE EMPREGAMOS E LIMPIAMOS NA ZONA DE AUGA, CONSTRUIMOS, CREAMOS TUNEIS, CASTELOS, VOLCÁNS COA AREA, FACEMOS COMIDIÑAS....

